

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 16 de decembro de 2011

11-801 Estatística de licenzas de pesca e caza

PROXECTO TÉCNICO

Normativa e organización

Caza

A caza en Galicia réxese polas seguintes normas:

- Lei 4/1997 do 25 de xuño de 1997 da Caza de Galicia (DOG núm. 13, 11 de Xullo do 1997).
- Lei 6/2006, do 23 de outubro, de modificación da lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia (DOG núm. 213, 6 de novembro de 2006)
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o regulamento de caza de Galicia.
- Orde do 23 de xullo de 2002 pola que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos
- Orde de 1 de xuño de 2007 polo que se regula o exame do cazador (DOG 11/06/07)

Anualmente, mediante orde establécense as épocas de caza durante a tempada que vai vir, así para a tempada 2011-2012 esta é:

- Orde do 7 de xuño de 2011 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012. (DOG Núm. 116, 17 de xuño de 2011)
- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galiza (DOG núm 240, do 11 de decembro de 2003).
- Cada ano mediante a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma determínanse os incrementos das taxas das licenzas.

Pesca fluvial

Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial (DOG núm. 151, 5 de agosto do 1992). Corrección de erros DOG núm.176, 9 de setembro de 1992.

Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (DOG núm. 106, 4 de xuño de 1997)

Modificado polo Decreto 179/2004, do 7 de xullo (DOG núm. 147, 30 de xullo de 2004)

Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galiza (DOG núm 240, do 11 de decembro de 2003)

- Cada ano mediante a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma determínanse os incrementos das taxas das licenzas.

Organización

Os Servizos Provinciais de Conservación da Natureza, dos departamentos territoriais da Consellería de Medio Rural son os encargados de expedir e renovar as licenzas de caza e pesca.

A Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas da Dirección Xeral de Conservación da Natureza será a encargada de efectuar a explotación estatística do rexistro de licenzas de caza e pesca

Unidades estatísticas

Licenzas de caza

Segundo se establece na lei de caza de Galicia a licenza de caza é un documento persoal e intransferible, expedido pola Consellería a quen, non estando inhabilitado para obtela, acredite a aptitude e os coñecementos precisos e reúna os requisitos legais necesarios. A validez das licenzas é dun ano.

A idade mínima para obter licenza de caza establécese en dezaseis anos. O menor de idade non emancipado que cumprira dezaseis anos necesitará autorización escrita da persoa que legalmente o represente para obter a licenza de caza.

Quen xa fora sancionado como infractor da normativa de caza coa perda ou suspensión da licenza, non poderá obter nin renovar a licenza ata que cumpra as sancións impostas.

Licenzas de pesca

Segundo se establece no regulamento de ordenación da pesca fluvial, para poder pescar nas augas continentais galegas é imprescindible estar en posesión dunha licenza de pesca fluvial, que terá carácter persoal e intransferible.

Variables

Referida a cada licenza teremos as seguintes variables

Datos identificativos e datos persoais do titular

-Nome e apelidos do titular, número de documento nacional de identidade ou pasaporte, domicilio, idade e sexo.

Identificación da licenza. Número de licenza e provincia de expedición.

Datos de expedición e caducidade.

Lugar de expedición

O rexistro permítenos distinguir as licenzas segundo o lugar de expedición: os departamentos territoriais ou os Bancos.

Tipos de licenza de caza

Licenzas de clase A, que autorizan para o exercicio da caza con armas de fogo.

- A-1: Españois, estranxeiros residentes e cidadáns da U.E. maiores de 18 anos e menores de 65 anos,
- A-2: Españois, estranxeiros residentes e cidadáns da U.E. menores de 18 anos ou maiores de 65 anos
- A-3: Estranxeiros no residentes

Licenzas de clase B, que autorizan para o exercicio da caza con outros medios ou procedementos permitidos, distintos dos anteriores.

- B-1: Españois, estranxeiros residentes e cidadáns da U.E. maiores de 18 anos e menores de 65 anos
- B-2: Españois, estranxeiros residentes e cidadáns da U.E. menores de 18 anos ou maiores de 65 anos
- B-3: Estranxeiros no residentes

Licenzas de clase C, que autorizan a tenencia ou utilización de medios ou procedementos especiais.

- C: Rehalas con fins de caza

Tipo de licenza de pesca

As licenzas clasificaranse do seguinte xeito:

- a) Clase A: válida para españois, outros cidadáns da Unión Europea e estranxeiros residentes, maiores de 18 anos e menores de 65. Validez un ano.
- b) Clase A-1: iguais características cá clase A pero cun período de validez de quince días.
- c) Clase B: válida para estranxeiros non residentes e cidadáns de países non pertencentes á Unión Europea. Validez un ano.
- d) Clase B-1: iguais características cá clase B pero cun período de validez de quince días.
- e) Clase C: válida para españois, outros cidadáns da Unión Europea e estranxeiros residentes, menores de 18 anos ou maiores de 65. Validez un ano.
- f) Clase C-1: iguais características cá clase C pero cun período de validez de quince días.
- g) Clase D: licenza profesional para a pesca de anguía, angula, lamprea e especies de esteiro. Validez un ano.
- h) Clase E: licenza especial para embarcacións e artefactos boiantes que se empreguen no exercicio da pesca. Validez un ano.

E para determinadas modalidades fíxase as seguintes recargas sobre as licenzas

- i) REC: Para pesca de Reo y Salmón.
- j) REC-F: Para pesca a flote.

Procesamento de datos

Para poder cazar ou pescar na nosa Comunidade Autónoma é necesario posuír unha licenza en vigor, que debe ser renovada cada tempada ou cada quincena en determinados tipos.

As licenzas de caza ou pesca serán expedidas por primeira vez polas xefaturas territoriais da Consellería competente aos solicitantes que cumpran as condicións e demais requisitos esixibles legalmente, logo do aboamento da taxa correspondente .

A licenza de caza, tamén poden ser renovadas nas entidades bancarias ou outras institucións, logo de convenio destas coa Administración autonómica: NovaGalicia Banco ou Banco Pastor. Así, o banco expide a licenza cando os datos do titular están cargados na Base de Datos de Licenzas que recolle os datos das persoas habilitadas para obter licenzas.

Así pois no caso da caza, cando se trata da 1ª licenza, unha vez superadas as probas de aptitude e obtido o correspondente certificado, poden darse as seguintes posibilidades:

- Que o interesado en primeiro lugar se dirixa á entidade bancaria e pague a taxa correspondente cun impreso de autoliquidación de taxas, estando obrigado posteriormente a dirixirse ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza co resguardo de ter a taxa pagada e demais documentación necesaria, (certificado de haber superado o exame do cazador, DNI e, no seu caso, autorización para obter a licenza), para que inclúan os seus datos na aplicación informática de xestión de licenzas e lle impriman o documento da licenza.
- Que o interesado xunto coa documentación necesaria para obter a 1ª licenza se dirixa en 1º lugar ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza, neste Servizo unha vez comprobada a documentación, inclúe os datos do novo titular na aplicación informática de xestión de licenzas, permitindo que posteriormente ao dirixirse á entidade bancaria poida solicitar a licenza previo pago da correspondente taxa administrativa.

Para as sucesivas renovacións da licenza por un mesmo cazador non se esixirá o certificado de superación das probas de aptitude.No caso da licenza de caza, tampouco se esixirá o antedito requisito a quen acredite a autorización na Comunidade Autónoma onde a obtivo tivo que superar o exame do cazador, salvo cando a licenza obtida desta forma fora retirada en virtude de sentenza xudicial ou resolución administrativa firmes.

A proba de aptitude precisa para a obtención da licenza de caza, constará de dúas partes, unha teórica e outra práctica, e que deberan realizarse tras supera-las oportunas probas psicotécnicas, que se determinarán na correspondente orde ditada para tal fin. A parte teórica versará sobre cuestións básicas relativas á lexislación que afecte a actividade cinexética, cofecemento das especies cazables, modalidades de caza, ética da caza e normas de seguridade nas cacerías.

A parte práctica centrarase esencialmente no recoñecemento das especies obxecto de caza. Precisarase superar ambas partes para a obtención do certificado de aptitude.

Para a renovación da licenza, poden realiza-la tamén os servizos e a subdirección antedita, ou directamente nalgunha das sucursais das entidades bancarias colaboradoras: NovaGalicia Banco ou Banco Pastor.

Estrutura informática

A xestión das licenzas de caza ou pesca faise a través dunha aplicación informática da Consellería do Medio Rural denominada "LICAPE". Nos Servizos Provinciais de Conservación da Natureza introdúcese a información do titular e da clase de licenza no momento que se solicita a primeira licenza a través dos diferentes formularios que ten a aplicación. Esta información almacénase nunha base de datos en "INFORMIX". Esta base de datos contén información sobre as sancións que son firmes, segundo a información proporcionada pola Subdirección Xeral de Apoio Xurídico, polo que segundo o reflectido anteriormente si unha persoa que foi sancionada e inhabilitada para obter a licenza de caza ou pesca e solicita a súa expedición, poden darse as seguintes situacións:

- Si o interesado se dirixe ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza, ao introducir os datos do solicitante na aplicación informática ao funcionario informáraselle de que o interesado está inhabilitado para obter a licenza.
- Si o interesado se dirixe a unha entidade bancaria para a renovación da súa licenza, a aplicación informática non fai posible que o empregado da entidade poida expedir a licenza, pero non lle informa sobre o motivo polo cal non é posible realizar a súa expedición.

Deseño de explotación dos datos do rexistro

Variables a explotar

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico ao que se refiren esta estatística é a Comunidade Autónoma de Galicia, que é o territorio onde ten validez a licenza expedida pola administración da comunidade autónoma.

Ámbito temporal

O ámbito temporal vai dende o ano 1997, podendo explotar os datos de licenzas de caza e pesca por anos.

Licenzas expedidas

Será o número de licenzas expedidas (por primeira vez ou renovadas) nese ano.

Difusión estándar

A información estatística difundirase na web e facilitaranse as seguintes táboas.

Licenzas expedidas segundo tipoloxía, tempadas e procedencia dos pescadores ou cazadores.

Para cada tempada (en columnas) facilitaranse as licenzas expedidas por tipoloxía e procedencias (en filas). Entendendo a procedencia segundo o domicilio declarado polos pescadores e cazadores. Considéranse as catro provincias galegas e o resto presentanse agregados baixo a denominación de outros.

Total de licenzas de pesca (sen recargos nin embarcacións) segundo tempadas e desglosadas por procedencia dos pescadores e cazadores

Para cada tempada (en columnas) facilitaranse a suma de todas as licenzas (exceptuando recargos e embarcacións) desglosadas por procedencias (en filas). Entendendo a procedencia segundo o domicilio declarado polos pescadores u cazadores. Diferencianse as catro provincias galegas e o resto das procedencias dos pescadores das diferentes comunidades autónomas e estranxeiros comunitarios ou non comunitarios.